


O “Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega”

María Pilar García Negro



No pasado mes de Setembro, aprobouse por unanimidade, no Parlamento Galego, o chamado “Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega”. Por vez primeira, foran convocadas, para participaren na súa elaboración, as forzas políticas presentes na Cámara, ben que o convite se produciu cando xa estaba avanzado o curso dos traballos. O BNG, única formación que, durante anos e anos de vida parlamentar, se ocupou de apresentar e defender iniciativas en positivo a prol da lingua galega (incluídas senllas Proposicións de Lei, de reforma da Lei de Normalización Lingüística, en 1993, e de Normalización de Usos Sociais e Públicos da Lingua Galega, en 2003), incorporouse aos traballos do “Plan...” aportando toda a súa experiencia e traballos anteriores, e desde estas premisas, que agora recordamos: 1ª. É vital a aplicación da lexislación vixente na dirección favorábel á implantación e/ou normalización de usos da lingua galega. 2ª. É fundamental crear e/ou ampliar para o galego espazos de asociación novos (non diglósicos; non primarios) que o popularicen e o prestixien paulatina e persistentemente. 3ª. Todo euro público, de fondos galegos, pago ou entregue dentro da Administración, ou fóra dela, ha de garantir a non exclusión da lingua galega ou, dito en positivo, a súa presenza inescusábel (mesmo que for na compañía doutra(s) lingua(s) cando a ocasión así o requirir). 4ª. Todas as medidas propostas, derivadas dos obxectivos descritos no documento do “Plan...”, han de prever procedementos de seguimento, avaliación periódica e, se for o caso, corrección. 5ª. Para o cumprimento do punto 2., é imprescindible que os cargos públicos da Xunta, Concellos, Deputacións, organismos e entes autonómicos, sociedades públicas, institucións estatutarias... fagan uso público, oralmente e por escrito, de forma continuada e non

esporádica ou ritual, da lingua galega, no desempeño desa súa responsabilidade pública. Para unha lingua e uns falantes tan precisados de espellos de dignidade e prestixio, é vital que o uso “megafónico” funcione como exemplar e imitábel.

Ratificámonos na validez deste punto de partida e, aínda que o documento final, de 200 páxinas, estexa atravesado de sobras e de faltas, demos a nosa aprobación, por ser el, en si mesmo, a proba eloquente de até qué punto, após 20 anos da promulgación da LNL, non houbo política lingüística oficial a prol do galego ou, se a houbo, en tantos casos, foi para freala e non para estimulala, en conxunción con todos os axentes galeguizadores externos á propia oficialidade. Este é, agora, un “Plan...” da Xunta de Galiza e, atención!, do Parlamento de Galiza, que compromete, portanto, ás forzas políticas que o aprobaron. Para que este documento teña algunha validez, fóra do testemuño escrito, é imprescindible que se aplique e que cada quen o faga no ámbito das súas competencias e responsabilidades: é de esperar, xa que logo, que a Xunta de Galiza e o PP corrixan a súa pasiva política tradicional e que o PSOE sexa legal a respecto de si mesmo, por exemplo, no Concello da Coruña, de persistente práctica delituosa e ilegal.

“He dicho que no”: foi a rotunda frase que proferiu o Presidente da Xunta en recente accidente parlamentar. Agardamos que esta “sigla” (HDQN), a de dicir, por sistema, que non a calquer iniciativa, lexítima e legal, a prol do cumprimento das leis e do uso normalizador, visíbel e audíbel, do galego, se troque, dunha vez por todas, en mínima acción moderna e necesarísima para conxurarmos a lamentábel situación en que, en tantos ámbitos e funcións sociais e públicas, se encontra a lingua.